

PROLONGACIÓNS DE XORNADA ASÍ NON SE COMBATE O ESTRÉS

Ante a frecuente imposibilidade de rematar o traballo dentro da xornada que temos pactada, e pola que nos pagan, algúns compañeiros e compañeiras consideran que a prolongación é a única alternativa que lles permite reducir a acumulación de tarefas pendentes.

É un erro, porque as prolongacións non forman parte da solución: son parte do problema.


Na medida que a prolongación sexa unha práctica habitual, o banco non terá motivos para resolver as causas que a provocan: dende a angustiada presión polos obxectivos ata a falta de persoal, pasando por unha moi mellorable organización do traballo ou unha modificación a fondo do perverso e piramidal sistema de incentivos existente (AVE-DOR).

No BBVA gozamos dunha das mellores xornadas pactadas que existen no mundo laboral, unha xornada conseguida con anos de loita e de negociación. Son 35 horas semanais, en cómputo anual, con todos os sábados festa, 25 días efectivos de vacacións... Para unha parte do equipo, esta xornada é unha saudable realidade. Para outra, un pacto de papel.

Que acontecería se todo o mundo deixase de prolongar? É evidente que o banco non podería continuar como ata agora e tería que cambiar. Quizais se adecuarían os obxectivos ás posibilidades reais de alcanzalos. Quizais se revisaría a dotación de persoal en moitas oficinas e departamentos. Quizais se reduciría o número de persoas con baixas por angustia ou depresión, e o de persoas que só poden traballar medicándose contra estes males. Quizais a vida laboral sería máis saudable, máis compatible co resto da vida.

Nunha especie de mundo ao revés, algúns e algunhas chegan a considerar que quen cumpre coa súa xornada é insolidario. Neste mundo, o "compañeirismo" consiste en aceptar resignadamente todo o que manda a empresa, renunciar á propia vida persoal e contribuír a que o avultado AVE da alta dirección non sufra mingua. É unha perversión do termo, claro, porque compañeirismo é exactamente o contrario: cumprir o noso contrato de traballo, practicar os dereitos laborais que tanto nos custou gañar e axudar a que o resto de compañeiros e compañeiras non sufran os erros ou as desproporcionadas esixencias do banco.

Moitos anos de prolongación non reducen o estrés. O que fan é acumulalo, con efectos nocivos para todos, aínda que variables no grao e no momento en que aparecen. O único requisito para evitar as prolongacións é tomar a decisión de facelo, **poñerse límites**. A partir de aí, teremos dado o primeiro e máis importante paso para combater esta eiva.



Si alguén cre que esta decisión pode carrexarlle problemas e conflitos, se alguén ten medo, debe saber que **CCOO somos a garantía de que os pactos se cumpran e os dereitos se respeten**. Os dereitos débense exercer individualmente, pero ao facelo contades co apoio de CCOO e de todos os compañeiros e compañeiras que xa o facemos.

¡Avanza no teu traxecto ata o traballo saudable!

23 de xaneiro de 2014

COMFIA-CCOO BBVA sección sindical

Tel. 91 594 42 36 – Tel 93 401 53 33 – bbvaccoco@comfia.ccoo.es

Portal Sindical en espazo - <http://www.comfia.net/bbva> - <http://www.comfia.info>

adherida a la [union network international](#)

